



# PLAN DIXITAL

## C.E.I.P. Plurilingüe de Castrelo

[Versión 1.0\_ xuño 2022]



## Índice do Plan Dixital

1. Introducción .....	3
1.1. Datos básicos do centro.....	3
1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.....	3
1.2.1. Características socioeconómicas e culturais do centro.....	3
1.2.2. Incardinación e contribución do PD .....	4
1.2.3. Contribución do PD á Programación Xeral Anual.....	4
1.3. Breve xustificación do mesmo .....	4
1.4. Proceso de elaboración .....	5
2. Situación de partida.....	6
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais .....	6
2.1.1. Descripción xeral acerca da infraestructura dixital do centro .....	6
2.1.2. Equipamento dispoñible.....	6
2.1.3. Servizos dixitais educativos.....	12
2.1.4. Xestión de mantemento do equipamento do centro.....	12
2.1.5. Enlace a protocolos do centro relacionados coas TIC.....	13
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.....	13
2.3. Análise DAFO.....	20
3. Plan de Acción .....	24
3.1. Obxectivos, indicadores e accións.....	25
3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.....	32
4. Avaliación do plan .....	33
5. Difusión do plan.....	34



## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

- Nome do centro: CEIP Plurilingüe de Castrelo
- Dirección: A Bouza, 96 Castrelo. CP 36639 Cambados
- Correo electrónico: [ceip.castrelo@edu.xunta.gal](mailto:ceip.castrelo@edu.xunta.gal)
- Página web do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdecastrelo/>
- Etapas educativas que se imparten no mesmo: Educación Infantil (2º ciclo) e Educación Primaria (1º a 6º)
- Alumnado: Educación Infantil: 38 alumnos/as – Educación Primaria: 94 alumnos/as
- Profesorado: o centro conta con un titor/a por nivel (9) (dous deles con perfil afín inglés), especialista en Primeira Lingua Estranxeira / Inglés, mestre en Educación Musical, mestre en Educación Física, Departamento de Orientación (composto por: xefa do Departamento e mestra de Audición e Linguaxe con base no centro e compartidos con outros da contorna; e mestra especialista en Pedagogía Terapéutica a tempo completo no centro), mestra compartida de Relixión Católica.
- Outras canles de comunicación coa comunidade educativa: aplicación Abalar Móbil, Redes Sociais do centro (Facebook *CEIP Castrelo* e Instagram ceipcastrelo) e blogue (<https://ceipdecastrelo.wordpress.com/>),

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

#### 1.2.1. Características socioeconómicas e culturais do centro

O CEIP Plurilingüe de Castrelo pertence á parroquia de Castrelo localizada no concello de Cambados. A parroquia ten unha poboación de 3.000 habitantes aproximadamente. Posúe un carácter fundamentalmente rural, con zonas consolidadas de poboación como O Facho, Revolta, Serantellos, As Quintáns, Bouza, Baltar, A Barca, A Xesteira, Couto de Arriba e Couto de Abaixo. Son estes lugares os que aportan a maioría da poboación escolar ao centro. A súa economía vén marcada pola importancia do sector primario, tanto na pesca como no marisqueo, así como actividades relacionadas co sector vitivinícola, ademais do sector servizos.



Trátase dunha parroquia na que se manteñen tradicións da nosa cultura, e máis concretamente da zona da comarca do Salnés e limítrofes, e que se transmiten de xeración en xeración. Neste contexto, o centro traballa no mantemento, conservación e difusión de toda esta bagaxe cultural.

### 1.2.2. Incardinación e contribución do PD

O eido dixital é un aspecto que sempre estivo presente ao longo da historia do centro: o claustro de mestres do CEIP Plurilingüe de Castrelo hai anos que se mostrou interesado en ir cos tempos que corren, introducindo, en primeiro lugar, a informática e a inclusión de prácticas cos ordenadores dende 3 a 12 anos, integrándose dentro do Proxecto Siega cando este botou a andar; seguiuse co Abalar e desde hai 8 anos no proxecto E-Dixgal (dende o curso 2014/2015).

A isto, engadir a introdución da robótica educativa nun primeiro momento nas aulas de infantil para participar, dende hai 5 anos (curso 2017/2018) no Proxecto de Innovación educativa "Introdución á Robótica en Primaria" nos niveis de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria. A nosa última pegada neste aspecto foi deseñar un currículo sobre robótica e implantar a materia de Libre Elección de Centro - Robótica nos niveis de 4º e 6º de Primaria (materia de Libre Configuración), no curso escolar 2019-2020.

Outros proxectos de innovación educativa que se desenvolven no centro son: plurilingüismo e plurinfantil, PLAMBE, Biblioteca Creativa, Radio na Biblio, Contratos – Programa (CPIinclúe e CPIInnova).

### 1.2.3. Contribución do PD á Programación Xeral Anual.

Recollerase na Programación Xeral Anual de cada curso escolar a concreción de cada plan do centro, polo tanto, deberase detallar a contribución deste Plan Dixital sinalando os seus obxectivos, a súa concreción e o seguimento e avaliación das accións propostas.

## 1.3. Breve xustificación do mesmo

Para a elaboración deste Plan, téñense en conta a normativa vixente sinalada a continuación:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación



- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.*

#### 1.4. Proceso de elaboración

Trala Resolución do 3 de setembro de 2021, ao comezo do curso e trala realización do primeiro claustro de mestres, nomeouse o equipo de Dinamización e Tratamento de Información e Comunicación (equipo TIC aquí en diante). Este equipo foi o encargado de desenvolver a liña de Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) para o desenvolvemento do plan, coa achega doutros membros do claustro que colaboraron activamente na elaboración e redacción deste documento, formando todos eles a liña de PFPP "Plan Dixital" do centro.

A través desta liña de formación, ao longo de todo o curso 2021/2022, e coas indicacións do Asesor Adix da zona, o equipo desenvolveu todas as accións requeridas e pautadas para a elaboración de dito documento.

O calendario de actuacións levadas a cabo foron as seguintes:

- Novembro 2021: posta en marcha do plan co contacto do Asesor ADIX cos centros.
- Decembro 2021: configuración e envío do SELFIE nos centros educativos.
- Febreiro 2022: Test de Competencia Dixital Docente por parte do profesorado.

 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	<b>CEIP plurilingüe DE CASTRELO</b> A Bouza 96, Castrelo - Cambados C.P. 36639 (Pontevedra) Teléfono: 886 151 171 Fax: 886 151 175 E-mail: <a href="mailto:ceip.castrelo@edu.xunta.es">ceip.castrelo@edu.xunta.es</a> <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdecastrelo/">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdecastrelo/</a>
---	--

- Marzo 2022: Realización da matriz DAFO, recompilación de datos e reflexión.
- Abril- maio 2022: definición de obxectivos e plan de acción a seguir.
- Xuño 2022: Deseño do Plan e presentación da versión 1.0. do Plan Dixital.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### 2.1.1. Descripción xeral acerca da infraestrutura dixital do centro

O centro conta con conexión cableada e WiFi en todo o edificio, con revisións técnicas e aumento progresivo nos últimos anos da velocidade do ancho de banda, tanto na subida como para a baixada.

Existe comunicación de voz a través de telefonía fixa e móvil (inalámbrico). En relación á conexión inalámbrica (WiFi), sinalar que esta é dobre: unha para acceso de todo usuario da Xunta (entrada mediante as credenciais do correo corporativo) e outra para o equipamento Abalar (acceden por defecto só aqueles equipos que están incluídos no proxecto).

Ademais, cóntase con dispositivos de voz nas dependencias do centro (megafonía) tanto no interior do edificio como no seu exterior.

#### 2.1.2. Equipamento dispoñible

Na táboa a continuación, detállase o equipamento e localización do mesmo no centro:



TIPO DE RECURSO	LOCALIZACIÓN	RECURSO	TIPO DE RECURSO	LOCALIZACIÓN	RECURSO
<b>Informático e periféricos</b>	<b>Aula de informática</b>	<b>16 PC's + periféricos</b> (pantalla, rato, teclado e auriculares)	<b>Informático e periféricos</b>	<b>Departamento de Orientación</b>	<b>1 PC + periféricos</b> 1 portátil <b>1 impresora</b>
	<b>Sala de mestres</b>	<b>2 PC + periféricos</b> (pantalla, rato e teclado) 2 fotocopiadora/escáner <b>1 impresora</b>		<b>Aula PT</b>	<b>1 PC + periféricos</b> 1 portátil 1 proxector 1 encerado dixital
	<b>Dirección</b>	<b>3 PC + periféricos</b> (pantalla, rato e teclado) <b>1 impresora</b>		<b>Aula 4º EI</b>	<b>1 portátil</b> 1 altofalantes <b>1 proxector</b> 1 encerado dixital
				<b>Aula 5º EI</b>	<b>1 portátil</b> 1 proxector <b>1 encerado dixital</b> 1 altofalantes



<b>Informático e periféricos</b>	<b>Sala R.A.C.</b>	1 iMac		<b>Aula 6º EI</b>	1 portátil 1 PC + periféricos 1 impresora 1 proxector 1 encerado dixital 1 altofalantes
	<b>Biblioteca</b>	1 servidor de contidos Armario con switch e todo o preciso para o soporte informático e dixital do centro (anexo a este no Almacén traseiro)			1 portátil 24 ultraportátiles alumnado 1 PC + periféricos 1 proxector 1 encerado dixital 1 altofalantes
		3 PC + periféricos (2 para uso do alumnado + 1 bibliotecario/a)  1 impresora <b>1 portátil</b> 1 proxector 1 encerado dixital <b>1 altofalantes</b> 4 escornabot Material radio escolar: 1 portátil, mesa de mistura de son, 5 micros, 5 auriculares,		<b>Aula P1</b>	



Informá tico e periféric		distribuidor de son cara os auriculares			
	Aula P2	1 portátil 1 proxector 1 encerado dixital 1 altofalantes		Aula P3	1 portátil 1 proxector 1 encerado dixital 1 altofalantes
	Aula P4	1 portátil 1 PC + periféricos 1 proxector 1 encerado dixital 1 altofalantes		Aula P5	1 portátil 1 proxector 1 encerado dixital 1 altofalantes
	Aula P6 Abalar	1 portátil 1 proxector 1 encerado dixital 1 altofalantes		Aula P7 Abalar	1 portátil 1 proxector 1 encerado dixital 1 altofalantes
		Informá tico e periféric			



		Ultraportátiles alumnado E-Dixgal 1 Carro de carga			Ultraportátiles alumnado E-Dixgal 1 Carro de carga
	<b>Educación Física</b>	1 portátil 1 altofalantes		<b>Aula Inglés</b>	1 portátil 1 encerado dixital 1 altofalantes
	<b>Salón de Actos</b>	1 proxector 1 equipo de megafonía		<b>Outros espazos</b>	1 encerado dixital na entrada do centro 1 proxector na entrada do centro 2 proxectores de usos múltiples
	<b>Música</b>	1 portátil 1 encerado dixital 1 proxector <b>1 altofalantes</b>			
	<b>Planta baixa</b>	5 puntos: biblioteca, Salón de Actos, 4º EI, 6º EI, entrada do centro.		<b>Planta Alta</b>	8 puntos: Aula P7 Abalar, Aula P6 Abalar, Aula P5, Aula P3, Aula Inglés, Aula P1, Aula Plástica, Aula Música



<b>Equipamento de robótica</b>	<b>Aula P5</b>	12 Mbot Sensores e estruturas para Mbot 8 Ozobot 3 Probot 1 Beebot 8 Lego WeDo 2.0. 1 impresora 3D 2 Qobo 4 Makey - makey	<b>Recursos electrónicos (medios audiovisuais)</b>	<b>Aula P5</b>	8 iPads 1 proxector de corpos sólidos
	<b>Dirección</b>			<b>Dirección</b>	1 gravadora de audio 1 cámara de fotos 1 cámara de vídeo

Tódolos ordenadores están no sistema operativo Linux coa Maqueta Abalar agás o da Biblioteca que se atopa operativo Windows.

\* *o equipamento sinalado en cor vermella presenta necesidade polo seu estado obsoleto e/ou funcional.*



### 2.1.3. Servizos dixitais educativos

No centro, empréganse os seguintes servizos :

✓ *Corporativos:*

- Para difusión e información á comunidade educativa en relación a solicitudes, procedementos, informacíons xerais e administrativas..., emprégase a páxina web do centro así como Abalar Móbil como ferramenta de difusión masiva.
- Para o desenvolvemento curricular do alumnado: Aula Virtual e Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA en 5º e 6º de Educación Primaria)
- Para o traballo da xestión docente así como para a centralización da documentación precisa para o claustro de mestres: espazo profesorado de carácter restrinxido dentro da Aula Virtual do centro.
- Correo electrónico do centro para calquera dúbida, presentación de documentación, traslado de información...

✓ *Non corporativos:*

- Redes Sociais: Facebook e Instagram do centro.
- Blogue "O blog de Castrelix" de difusión de actividades, proxectos, saídas... realizadas co alumnado, profesorado e/ou familias

### 2.1.4. Xestión de mantemento do equipamento do centro.

Para a xestión de mantemento e equipamento do centro, o equipo TIC mantén unha labor de revisión así como de recollida de peticións, incidencias... que van xurdindo no día a día. Trátase dunha labor moi complexa dada a falla de dispoñibilidade horaria para levar a cabo unha verdadeira labor eficiente. Nembargantes, o equipo desenvolve un sobresforzo tentando manter as necesidades ao día, priorizando aquelas que inciden e repercuten directamente no desenvolvemento das actividades do alumnado.

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**CEIP plurilingüe DE CASTRELO**A Bouza 96, Castrelo - Cambados. C.P. 36639 (Pontevedra)  
Teléfono: 886 151 171 Fax: 886 151 175 E-mail: ceip.castrelo@edu.xunta.es  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdecastrelo/>

Ante a presenza de incidencias, o centro ten como recursos os seguintes:

- UAC: Unidade de Atención a Centros (incidencias nas aplicacións, xestións administrativas, actualización de equipos...)
- Servizo Premium para o alumnado e profesorado participante do programa E-Dixgal (5º e 6º de Educación Primaria)

Puntualmente, o centro debe acoller a acción de entidades privadas externas ao centro para poder dar solución a certos problemas que escapan do arranxo a nivel usuario. Esto supón un esforzo económico e orzamentario extra que se debe contemplar no Plan de Xestión do centro.

### **2.1.5. Enlace a protocolos do centro relacionados coas TIC**

Trala situación de pandemia vivida nos últimos anos, o centro elaborou o Plan de Continxencia anexo ao Plan de adaptación á situación COVID. Dentro deste e do Proxecto Educa en Dixital asinado pola Xunta de Galicia, Red.es e o Ministerio de Educación e Formación Profesional, o centro acolle este proxecto como unha medida ante a Fenda Dixital e a necesidade que precisan as familias ante as dificultades tecnolóxicas e de conectividade. Para iso, existe un protocolo de actuación dende a Consellería de Educación polo que se determina o procedemento de actuación e de como realizar o reparto deste equipamento.

### **2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO**

Para a realización da análise DAFO, empegáronse diferentes ferramentas dixitais que a continuación se sinalan. Nestas inclúense resultados das diferentes fontes.

- **Autoavalación SELFIE:** a través da web oficial da Unión Europea, empregouse a esta aplicación de diagnose de persoal docente e alumnado. A través do rexistro nesta páxina, ademais das cuestións predeterminadas, incluíronse preguntas



xerais e concretas para o centro. Os resultados desta autoavalíação recóllense a continuación:

Áreas	Grupos	ED. PRIMARIA
A -Liderado	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	3.8
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.6
	Profesorado	3.4
	Alumnado	3.5
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.6
	Profesorado	3.8
	Alumnado	4.5
D- Desenvolvimento profesional continuo	Equipo Direct.	3.8
	Profesorado	4.2
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoyo e Recursos	Equipo Direct.	3.7
	Profesorado	3.8
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	3.6
	Alumnado	3.7
G- Prácticas de avaliação	Equipo Direct.	2.7
	Profesorado	3
	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	3.9
	Alumnado	4.2

- **Test de competencia dixital docente:** a través da aplicación FProfe desenvolveuse entre a comunidade docente unha enquisa do nivel de competencia dixital do profesorado. A continuación, detállase a participación segundo o perfil do profesorado, puntuación e nivel de competencia no centro, puntuación e nivel de competencia por etapas e os resultados en relación á distribución do profesorado por niveis.

#### Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	11	12	91,7%
PROVISIONAL	3	3	100%
INTERINO	0	1	0%
SUBSTITUTO	1	1	100%
DESPRAZADO			

 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	<b>CEIP plurilingüe DE CASTRELO</b> <small>A Bouza 96, Castrelo - Cambados C.P. 36639 (Pontevedra)          Teléfono: 886 151 171 Fax: 886 151 175 E-mail: ceip.castrelo@edu.xunta.es  <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdecastrelo/">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdecastrelo/</a></small>
--	---

### Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
76%	Integrador/a B1	76,5%	Integrador/a B1

### Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Infantil	70,3%	Integrador/a B1	68,2%	Integrador/a B1
Primaria	75,4%	Integrador/a B1	77%	Integrador/a B1

### Distribución do profesorado por niveis



	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	5	33,3%
	7	46,7%
B2	3	20%
C1		
C2		
<b>TOTAL</b>	<b>15</b>	<b>100%</b>

- **Outras fontes:** o centro realizou unha enquisa telemática e anónima ás familias para coñecer o grao de integración de diferentes ferramentas así como o manexo en diferentes soportes e plataformas dixitais. Trátase de coñecer mellor á comunidade educativa dende diferentes perspectivas para acoller as súas necesidades, eivas e/ou fortalezas ante o ámbito dixital.

A continuación recóllese os resultados da enquisa en gráficas (os resultados atópanse recollidos en valores porcentuais):

✓ RECURSOS NO FOGAR

- Na casa dispoño de:



- Wifi no fogar





✓ EMPREGO DOS DISPOSITIVOS DIXITAIS POLO ADULTO

- Finalidade do emprego dos dispositivos


- 

- Uso maioritario dos dispositivos móveis







- Coñecemento/manexo de novas tecnoloxías polo adulto




- Necesidade de información para a mellora no emprego das novas tecnoloxías (adulto)




- ✓ **EMPREGO DOS DISPOSITIVOS DIXITAIS POLOS NENOS/NENAS NO FOGAR**
  - A familia permite o uso de dispositivos móveis con carácter habitual



- Control por parte das familias do tempo de uso de dispositivos móveis polos seus/súas fillos/as




- Emprego das redes sociais/mensaxería instantánea por parte dos menores no fogar







- Uso de aplicacións con fins educativos dende o ámbito familiar



- Acceso libre dos menores para descarga de aplicacións



- Os menores posúen dispositivo/s dixital/is propio/s



## 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes citadas con anterioridade, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no



eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

	INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ O centro posúe unha ampla diversidade de recursos para desenvolver a competencia dixital.</li> <li>➤ O centro dispón de software de diferentes características instalados nos equipos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Dificultades na resolución de incidencias técnicas de aplicaciones, sistemas...</li> <li>➤ Parte do equipamento do centro queda obsoleto e/ou precisa actualización con carácter inmediato.</li> </ul>
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ O centro conta con eficaces canles de información entre as diferentes etapas educativas.</li> <li>➤ O centro dispón de espazos para compartir recursos educativos dixitais (AV, mensaxería instantánea, correo electrónico...)</li> <li>➤ Parte do profesorado dispón de habilidades,, Coñecementos... poñendo na práctica en actividade innovadoras no eido educativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Falta de coñecemento e/ou aplicación sobre a política de protección de datos entre o persoal docente.</li> <li>➤ Ausencia de tempo para explorar novas modalidades de ensino dixital.</li> <li>➤ Non existe formación necesaria sobre novas modalidades de aprendizaxe do uso da tecnoloxía dixital.</li> <li>➤ Falta de estratexias necesarias para a comunicación con outros centros educativos.</li> <li>➤ O persoal docente non participa en redes colaborativas profesionais.</li> <li>➤ Participación limitada en proxectos interdisciplinares.</li> <li>➤ Non se crean os suficientes recursos dixitais para o alumnado con carácter personalizado.</li> <li>➤ Limítanse as innovacións educativas a momentos concretos, actividades... docentes.</li> <li>➤ Falla de incorporación das tecnoloxías dixitais no proceso avaliativo.</li> <li>➤ O profesorado non integra o fomento da participación do alumnado na autoavaliación e coa avaliação empregando ferramentas dixitais.</li> </ul>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP plurilingüe DE CASTRELO

A Bouza 96, Castrelo - Cambados. C.P. 36639 (Pontevedra)  
Teléfono: 886 151 171 Fax: 886 151 175 E-mail: ceip.castrelo@edu.xunta.es  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdecastrelo/>

		<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Ausencia de reflexión entre profesorado e alumnado sobre o uso de recursos dixitais (tratamento da imaxe, protección de dereitos, software libre, plaxio...)</li><li>➤ Baixo emprego dos recursos dixitais para observar e documentar os progresos.</li><li>➤ Non se teñen en conta os dereitos de autor.</li><li>➤ Falta de uso de uso creativo e activo das aulas virtuais.</li><li>➤ Dificultade para integrar e trasnformar a súa práctica docente co uso de ferramentas dixitais.</li></ul>
ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ O centro dispón de equipos dixitais propios para que o alumnado non teña que traer dispositivo de seu.</li><li>➤ O alumnado adquiere diversas habilidades dixitais en diferentes materias.</li><li>➤ O alumnado desenvolve competencias para codificar, programar en relación ás tecnoloxías dixitais.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ O alumnado está falto dun espírito crítico á hora da verificación de datos e búsqueda de información na rede.</li><li>➤ Parte do alumnado ten dificultades para a resolución de problemas técnicos dos dispositivos dixitais que empregan a miúdo no centro.</li><li>➤ Non se teñen en conta os dereitos de autor.</li></ul>
FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Un 95% teñen acceso á aplicación aAbalar Móbil dende os seus dispositivos dixitais.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Parte das familias descoñecen o funcionamento de ferramentas dixitais como a AV.</li><li>➤ Non se teñen en conta os dereitos de autor.</li></ul>



<b>OFERTA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ O centro posúe diversa tipoloxía educativa: robótica, plurilingüismo, obradoiros...</li> <li>➤ O centro atópase dentro da rede E-Dixgal nos cursos de 5º e 6º de Educación Primaria.</li> <li>➤ O centro oferta como materia de libre configuración do centro en 4º e 6º de Educación Primaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Parte do persoal docente que exerce como profesorado titor ten carácter provisional.</li> </ul>
<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ O centro emprega principalmente as plataformas dixitais promovidas pola administración educativa.</li> <li>➤ O centro dispón de experiencias en diferentes plataformas e aplicativos online utilizados como os ofertados na AV</li> <li>➤ O centro propón diferentes iniciativas para afrontar as necesidades de formación permanente do profesorado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ O centro carece dunha estratexia dixital ben definida.</li> </ul>

CATEGORÍAS	EXTERNOS	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ O centro recibe achegas económicas periódicas asociadas a diferentes programas en relación ao eido dixital.</li> <li>➤ Existencia dun departamento concreto de atención a centros (UAC) en relación a incidencias técnicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Parte do profesorado titor é de carácter provisional do centro.</li> <li>➤ A pesar da existencia dunha Unidade de Atención a Centros (UAC); a resposta do mesmo non sempre é a axeitada e interfíre na vida do centro (intervención con carácter remoto e/ou asistencia con vía telefónica).</li> </ul>
	<b>LEXISLACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ As novas leis educativas integran diferentes competencias clave nas que están presentes as competencias dixitais e STEAM.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ A normativa no eido dixital varía constantemente e precisa dunha actualización continua.</li> <li>➤ Falta de instrucións claras e/ou tardías ante novos protocolos, procedementos...</li> <li>➤ A lexislación en relación a este aspecto dixital resulta ambigua.</li> </ul>
	<b>CONTORNA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ As familias participan en boa medida</li> </ul>	



	<p>actividades/colaboracións solicitadas dende o centro.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ A maioría do alumnado posúe dispositivos móveis e electrónicos propios nos fogares e acceso á rede.</li> <li>➤ Boa acollida das familias relacionadas coa innovación educativa e dixital que se promoven dende o centro participando, de ser o caso, nas mesmas.</li> <li>➤ Case a totalidade das familias fan uso das ferramentas de comunicación corporativas (Abalar móvil)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ O alumnado ten acceso a contido da rede de modo ilimitado dende os fogares.</li> <li>➤ Parte do alumnado non ten control parental e/ou controla os contidos aos que acceden.</li> <li>➤ O alumnado achégase maioritariamente ás ferramentas dixitais como elementos de lecer en maior medida que como recurso de aprendizaxe continua.</li> <li>➤ Descoñecemento de ferramentas para a aprendizaxe por parte das familias.</li> </ul>
<b>ANPA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ O centro mantén unha relación fluída e con carácter colaborativo coa ANPA do centro.</li> </ul>	
<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ O centro participa en actividades de desenvolvemento dixital fóra das ofertadas polas entidades públicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Recelo de como empregan outras entidades contidos dispuestos na rede dende as canles de comunicación e información públicas do centro (web, blog, RRSS.)</li> </ul>

### 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**CEIP plurilingüe DE CASTRELO**A Bouza 96, Castrelo - Cambados. C.P. 36639 (Pontevedra)  
Teléfono: 886 151 171 Fax: 886 151 175 E-mail: [ceip.castrelo@edu.xunta.es](mailto:ceip.castrelo@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdecastrelo/>

### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Nas táboas recollidas a continuación, detállanse os diferentes obxectivos do Plan de Acción que desenvolverá este Plan Dixital. Cada un deles, terá asociado indicadores de logro, así como os puntos de partida e de chegada que se pretenden acadar co mesmo. De modo máis concreto, temporalízanse as accións dentro de cada indicador e/ou obxectivo.



## Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro: Emprego de entornos dixitais polo alumnado

### Área/s de mellora: Pedagogía: implementación na aula - Competencial dixitail do alumnado

<b>OBXECTIVO</b>	Empregar entornos e ferramentas dixitais nos contextos de ensino aprendizaxe e nos proxectos interdisciplinares.	<b>Acadado</b>
<b>Responsable:</b>	Coordinador/a TIC	<b>Non acadado</b>
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de tarefas realizadas na AV por parte do alumnado utilizando as ferramentas e entornos dixitais ofertados desde o centro	
<b>Valor de partida:</b>	0% do alumnado non emprega estas ferramentas	
<b>Valor previsto e data:</b>	75% do alumnado entrega máis de 3 tarefas na AV	Xuño 2023

### ACCIÓNS A DESENVOLVER

<b>DESCRICIÓN</b>	<b>RESPONSABLES</b>	<b>DATA PREVISTA FIN</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS</b>	<b>SEGUIMENTO DA ACCIÓN</b>	
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN</b>	<b>ESTADO</b>
AO 1.1: Actualización de credenciais de usuarios das aulas virtuais.	Dirección e Coordinación TIC	Setembro 2022	Rede Entornos virtuais	Configuración dos entornos virtuais	Realizada
AO 1.2: Rexistro de usuarios, modificación de contrasinais e primeiros pasos nos entornos virtuais por parte do alumnado.	Titores/as	Outubro 2022	Entornos virtuais de aprendizaxe Material informático	Rexistro do 100% dos usuarios	Realizada
AO 1.3: Acceso aos contidos, materiais, recursos, actividades, entrega de tarefas... por parte do alumnado.	Coordinación TIC	Xuño 2023	Entornos virtuais de aprendizaxe Material informático.	75% do alumnado accede sen dificultades aos entornos virtuais	Realizada



## Área/s de mellora: Competencia dixital do alumnado

<b>OBXECTIVO</b>	Desenvolver estratexias no alumnado que lle permitan crear contidos propios empregando ferramentas dixitais	<b>Acadado</b>
<b>Responsable:</b>	Coordinador/a TIC	<b>Non acadado</b>
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de alumnado que realiza producións propias	
<b>Valor de partida:</b>	20% do alumnado realiza producións propias	
<b>Valor previsto e data:</b>	60% do alumnado realiza producións propias	Xuño 2023

## ACCIÓNS A DESENVOLVER

<b>DESCRICIÓN</b>	<b>RESPONSABLES</b>	<b>DATA PREVISTA FIN</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS</b>	<b>SEGUIMENTO DA ACCIÓN</b>					
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN</b>	<b>ESTADO</b>				
AO 2.1: Desenvolvemento de mínimos en relación á competencia dixital segundo os ciclos	Tutores	Setembro 2022	Dispositivos electrónicos Conexión á rede.	Documento	Realizada				
AO 2.2: Traballo semanal para o coñecemento de estratexias, ferramentas,...					Aprazada				
					Pendente				
					Realizada				
AO 2.3: Creación de contidos propios incluídos dentro de proxectos, contidos curriculares... que son publicalos na AV.	Tutores	Xuño 2023	Dispositivos electrónicos Conexión á rede.	Lista de control/cotexo.	Aprazada				
					Pendente				
					Realizada				
		Xuño 2023	Medios audiovisuais, editores de texto, imaxe, vídeo, son...	- Ed. Infantil e 1º ciclo de primaria: 2 creacións anuais. - 2º e 3º ciclo de primaria: unha creación trimestral.	Aprazada				
					Pendente				



## Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo Mellora de equipamento e infraestrutura

Área/s de mellora: Infraestructuras e equipos					
OBXECTIVO:	Optimizar o equipamento informático, dispositivos móbiles e periféricos e inferirlle un carácter funcional.			Acadado	
Responsable:	Equipo TIC			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de equipos revisados e optimizados				
Valor de partida:	0% de equipos revisados e optimizados				
Valor previsto e data:	100% do equipamento revisado e optimizado		Xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO 3.1: Inventario do equipamento informático e/ou dispositivos móbiles , periféricos... do centro	Equipo TIC Secretaría	Setembro 2022	Listaxe de inventario do material do centro	Rexistro do inventario e actualización de ser o caso, no XADE	Realizada Aprazada Pendente
AO 3.2: Valoración das necesidades de equipamento	Equipo TIC	Xaneiro 2023	Convocatoria de reunión equipo TIC	Rexistro de necesidades e priorización dentro das mesmas	Realizada Aprazada Pendente
AO 3.3. Revisar optimizar os equipos que o precisen mediante a	Equipo TIC.	Xuño 2023	Lista de control, memorias ram, discos duros, etc.	100% do equipamento revisado e optimizado	Realizada Aprazada



instalación de discos duros sólidos e a ampliación da memoria RAM dos equipos más obsoletos así como a					Pendente	
--	--	--	--	--	----------	--

## Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo Implementación dos entornos virtuais de aprendizaxe (aulas virtuais)

Área/s de mellora: Pedagoxía: apoios e recursos		
<b>OBXECTIVO:</b>	Implementar os entornos virtuais de aprendizaxe	Acadado
<b>Responsable:</b>	Equipo TIC	Non acadado
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de profesorado que publica 3 tarefas na AV	
<b>Valor de partida:</b>	0% do profesorado non publica tarefas na AV	
<b>Valor previsto e data:</b>	70% do profesorado publica 3 ou máis tarefas na AV	Xuño 2023

### ACCIÓNES A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO 4.1: Formación en coñecemento básico dos entornos virtuais de aprendizaxe.	Profesorado	Xaneiro 2023	Cursos de formación (PFPP), tutoriais en rede e de creación propia...	Participación dun 70% do profesorado na formación realizada	Realizada
AO 4.2: Creación de contidos e	Profesorado	Xuño 2023	Entornos virtuais de	Creación de 3 recursos propios	Realizada



traballo cos entornos virtuais de aprendizaxe.			aprendizaxe Material informático e audiovisual.	Subida dunha proposta mensual á Aula Virtual	Aprazada	
					Pendente	

## Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro Descoñecemento de ferramentas para a aprendizaxe por parte das familias.

"Área/s de mellora": Comunidade educativa		
<b>OBXECTIVO:</b>	Desenvolver estratexias que permitan ás familias comunicarse e acceder á información a través de ferramentas dixitais	Acadado
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo	Non acadado
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de familias que empregan como medio de comunicación co centro Abalar Móbil e se informan na web	
<b>Valor de partida</b>	0% das familias empregan estas ferramentas corporativas	
<b>Valor previsto e data</b>	70% das familias utilizan estas ferramentas	Xaneiro 2023

### ACCIÓN S A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
<b>AO 5.1: Constitución equipo TIC</b>	Coordinación TIC	Setembro 2022	Acta	Creación de acta	Realizada
					Aprazada
					Pendente
<b>AO 5.2: Obradoiro de formación de familias (de nova incorporación e aquellas que</b>	Equipo TiC e Dirección	Outubro 2022	Equipos informáticos Aula virtual	Número de persoas asistentes e enquisa de satisfacción	Realizada
					Aprazada



demanden)					Pendente	
<b>AO 5.3: Creación de tutoriais de axuda en formato vídeo e texto</b>	Equipo TIC	Novembro 2022	Equipos informáticos e audiovisuais Ferramentas edición de vídeo e texto	Creacion de manuais/tutoriais de traballo na Aula Virtual	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO 5.4: Enquisa de uso final por parte das familias</b>	Tutores Coordinador TIC	Xuño 2023	Cuestionarios en liña	Resultado do cuestionario	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO 5.5: Valoración da cantidad de familias que emplegaron estas ferramentas</b>	Tutores Coordinador TIC	Xuño 2023	Acta	Resultados da valoración	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Tendo en conta a análise DAFO e a contextualización do centro, as diferentes propostas e proxectos, así como a presenza da competencia dixital e STEAM que estarán presentes nas leis educativas vixentes no curso 2022/2023, detállanse a continuación as necesidades de equipamento e infraestruturas tecnolóxicas:

- *En relación ás necesidades de equipamento:* o centro foi dos primeiros en incorporarse á realidade das novas tecnoloxías. Polo tanto, o equipamento quedou obsoleto posto que a gran parte da aula de informática conta con equipos de entre 15 e 20 anos. O centro integrouse no proxecto Siega (ano 2001) pasando logo a ser centro Abalar e por último, E-Dixgal dende o curso 2014/15. Este equipamento fai que a velocidade actual da conexión non sexa proporcional ao rendemento dos equipos posto que non responden ás necesidades actuais: non deixan realizar búsquedas eficientes nin o seu rendemento chega a ser minimamente aceptable, impedindo que permitan un adecuado desenvolvemento das metodoloxías que se implementan no centro (metodoloxías activas, traballo cooperativo, en equipo, traballos por proxectos...) . Polo tanto;
  - Necesidade de novos equipos con suficiente capacidade de memoria RAM e de disco duro que permita o traballo actualizado con diferentes aplicacións especialmente aquelas de edición e creación de contidos audiovisuais por parte do alumnado e profesorado. Estes equipos tamén sería aconseillable que fosen con carácter portátil para poder axeitarse á versatilidade das actividades e propostas a realizar polo profesorado en diferentes espazos do centro.
  - Pantallas que permitan descanso visual do usuario (a pesar de ser planas, deben ser de mellor resolución e/ou modo de luz azul).
  - Ratos e teclados adaptados ás necesidades do alumnado, tanto de infantil como de primaria.
  - Necesidade de auriculares resistentes que funcionen axeitadamente e se adecúen á fisonomía dos usuarios.

- Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo: este alumnado precisa a incorporación de aplicacións específicas de Sistemas Alternativos e Aumentativos de Comunicación (SAAC). Por iso precisan:
  - Dispositivos móbiles que lle permitan a súa comunicación personalizada,
  - Teclados accesibles ás súas necesidades.
- Programa de Introdución á robótica educativa en primaria, materia de libre elección de centro- robótica en 4º e 6º de primaria, obradoiros de robótica en infantil e primaria e programa Biblioteca Creativa: a incorporación destes programas, materias e/ou actividades do centro fan que aos 8 dispositivos móbiles cos que se contan resulten claramente insuficientes para atender a toda a demanda xerada no centro. Engadir que dende as titorías e especialidades tamén se solicita o uso destes dispositivos para diferentes actividades.
- Mellora dos altofalantes das diferentes aulas: a pesar da existencia dos mesmos en moitos dos espazos, presentan eivas de funcionamento, mal son, dificultades técnicas... Por iso, precisan parte deles renovación de equipamento.
- Equipos de proxección: a pesar de ter este equipamento nos diferentes espazos onde se leva a cabo a actividade lectiva, estes presentan características obsoletas: xeran grandes sombras, a súa nitidez non é axeitada.. A esto engadir a orientación de certas aulas que faga en certos momentos da mañá, difícil o seu emprego eficiente.

## 4. Avaliación do plan

Para a avaliación deste plan, levaranse a cabo dous tipos de avaliación. Para iso, o procedemento de seguemento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, revisarase:

- con carácter procesual: as diferentes actuacións recollidas no Plan de Acción deberan revisar trimestralmente para coñecer o seu estado. Deste modo, poderan axeitar, redeseñar e/ou reformular as actuacións para facer que sexa efectivo dito plan.

- con carácter anual: revisarase a través de dous procedementos:

- A través das táboas do Plan de Acción: sinalarase o estado de cada unha das actuacións a desenvolver. Deste modo, saberase se se atopan realizadas, aprazadas ou pendentes.
- Este plan concretarase a través da Programación Xeral Anual. Polo tanto, na Memoria Anual farase mención ao mesmo. Neste documento focalizarase a avaliación á valoración do logro dos obxectivos así como nas propostas de mellora.

## 5. Difusión do plan

Unha vez aprobado polo Consello Escolar do centro na data de 28 de xuño de 2022, este plan difundirase e darase publicidade a través da web do centro informando á comunidade educativa a través da aplicación Abalar Móbil da publicación do presente Plan Dixital.